



VIÑEDOS E ADEGAS NAS TERRAS DA PARROQUIA DE AMIUDAL (AVIÓN)



Fonte: Instituto Geográfico Nacional e Doval Adán, A., 2023



Fonte: Camaño Suarez, M., 2003



Fonte: Instituto Geográfico Nacional e Doval Adán, A., 2023

O CULTIVO DA VIDE E A PRODUCCIÓN DE VIÑO EN AVIÓN: BREVE HISTORIA

O viñado en Avión estivo moi presente ao longo da súa historia agrícola recente durante case 300 anos, polo menos no 44 % das súas parroquias. A actividade vitivinícola foi moi intensa nas parroquias de San Xusto de Avión (sobre todo en Beresmo), Abelenda, Amiudal e Córcores, onde conxuntamente chegaronse a dedicar ao cultivo da vide algo máis de 152 hectáreas de superficie en 1960, o que supuxo unha produción superior aos 3.300 hectolitros para ese ano. Con todo, a partir de mediados do século XX, a produción vitivinícola no concello comezou a descender de maneira moi vertixinosa como consecuencia da emigración e do envellecemento progresivo da súa poboación, o que provocou o abandono sistemático dos viñedos e de case todas as terras de cultivo en xeral.

1. Os viñedos durante os séculos XVIII e XIX

A explotación da información reflectida nos cuestionarios do Catastro de Ensenada, proporcionáanos datos moi concretos e significativos sobre a magnitude e volume da produción vitivinícola nas terras de Avión. Así, baseándonos nas cifras e estatísticas dos diezmos recadados en viño, que recolle Pousa Diéguez nas súas investigacións, podemos afirmar que a produción de viño no municipio de Avión achegábase aos 1.153 hectolitros anuais a mediados do século XVIII, cun valor económico estimado no mercado nese momento que ascendía a 30.009 reais por ano, o que representaba ao redor do 13 % do valor da produción agrícola total rexistrada no concello.

Estimación da produción de viño e da superficie dedicada ó cultivo da vide nas catro parroquias vitivinícolas de Avión a mediados do século XVIII (ano 1752)

Parroquia	Hectolitros	Hectáreas	Hectolitros/hectárea
Abelenda	175,10	8,67	20,19
Amiudal	233,50	11,56	20,19
Córcores	102,10	5,05	20,19
Avión (San Xusto)	642,10	27,66	23,21
Total	1.152,80	52,94	21,77

Fonte: Pousa Diéguez, R., 2019, pp. 225 y 226, e Doval Adán, A., 2023.

2. Os viñedos a mediados do século XX

En 1944 e mesmo a principios de 1957 as paisaxes con viñedos que máis destacaban só se mantiñan cartografiados en tres lugares emblemáticos do municipio para o cultivo da vide: Beresmo, Amiudal e Fontao (onde destacaban as Adegas de Mourelle) que aparecen ben representadas no Mapa Topográfico Nacional de 1944, dada a súa importancia produtiva naqueles anos. A maior superficie dedicada ao cultivo da vide concentrábase nas inmediacións do pobo de Beresmo (cunhas 60,78 hectáreas), concretamente a súa presenza era moi significativa nos lugares coñecidos, segundo a toponimia local, cos nomes de Portocarro, Fonte Cernadas, A Mourisca, Soutiño, Vilaríño, Viña Grande, Viña Vella, Viña Nova, A Cubela, Sobreira, Sobreira de Arriba, Cacharela, Curuxeiras, A Carrasqueira e Toutelan. Do mesmo xeito, os terreos ocupados por viñedos tamén se estendían polas ladeiras, e terrazas ben acondicionadas e orientadas de Amiudal (en paraxes identificadas cos nomes de Ponte Reigada, Rego da Fraga, A Costa, Coba, Soutiño do Medio, Forcadas e Pedreiras) situados no polígono 18 de Amiudal, segundo as referencias dixitais do actual Catastro, ocupando conxuntamente unha superficie cartográfica dedicada ao cultivo da vide, que superaba as 37 hectáreas en 1944. Neste lugar operaban unhas 14 bodegas que actualmente están convertidas en ruínas, o igual que as situadas na marxen esquerda do río Couso e nas ladeiras de Pascais. De igual xeito tamén temos constancia de importantes viñedos na parroquia de Barroso (especialmente en Vilar) así como en Fontao, onde operaban as citadas Adegas de Mourelle, que chegaron a ocupar unha superficie gráfica cultivada de 265.000 metros cadrados (26,50 hectáreas) e onde chegaron a concentrarse ata 54 adegas de viño en 1960. Desta maneira, entre 1944 e 1957 a superficie gráfica dedicada ao cultivo da vide nas tres localidades analizadas de Beresmo, Amiudal e Mourelle superaba no seu conxunto as 125 hectáreas, distribuídas da seguinte maneira: 60,78 hectáreas correspondían a parcelas situadas en Beresmo (parroquia de San Xusto de Avión) e os 64,28 restantes concentrábanse basicamente no polígono 18 de Amiudal (37,78 hectáreas) e na paraxe de Mourelle (26,50 hectáreas).

3. O patrimonio arqueolóxico vitivinícola

Neste lugar das Pedreiras e Rego da Fraga no que nos atopamos, na confluencia física dos ríos Avía e Couso, podemos contemplar numerosos restos de antigas adegas de viño cos seus respectivos lagares. No conxunto desta fermosa paisaxe natural contabilizáronse máis de 14 construcións tradicionais deste tipo, algunhas delas espalladas o longo da marxe esquerda do río Avía e outras a ambos lados do curso do río Couso, xa que os viñedos tamén cubrían numerosas parcelas e ladeiras dos lugares de Pascais. De igual modo, en Fontao e Mourelle existen numerosas ruínas de adegas e lagares. Este últimos ou ben pezas soltas dos mesmos son aínda moi visibles en lugares de Beresmo, San Vicente e en numerosas casas e vivendas dos núcleos rurais tradicionais do noso concello.

4. Bibliografía básica

Caamaño Suárez, Manuel (2003). *As construcións da arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia*. A Coruña. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.

Doval Adán, A. (2023). El cultivo de la vid y la producción de vino en el Ribeiro de Avión: una aproximación histórica y geográfica. *Revista Española De Estudios Agrosociales Y Pesqueros*, (260), 315-358. Universidad de Valladolid. En: <https://doi.org/10.24197/reeap.260.2023.315-358>

Pousa Diéguez, Rodrigo (2019). El concejo de avión en el siglo XVIII: oficios, economía, gestión de los recursos y patronazgo religioso. *Boletín Avriense*. Tomo XLVIII-XLIX. Museo Arqueológico Provincial de Ourense, pp. 217-242.



Fonte: Doval Adán, A., 2023



Fonte: Asociación Cultural Vive Avión, 2023




Fonte: Doval Adán, A., 2023



Concello de
AVIÓN

VIVE
AVIÓN



**ASOCIACIÓN DE
VECÍÑOS AMIUDAL,
SURRIBAS E BARRO**

Textos: Antonio Doval Adán
Maquetación: Alexia Bruquet Domínguez
(A.C. Vive Avión)
Edita: AA.VV. Amiudal, Surribas e Barro
A.C. Vive Avión e Concello de Avión

Imprime: **PublioCHO**